

30 aniversario
1991-2021



Asociación
Terapia Familiar
e Mediación de Galicia

SEMINARIO EN LIÑA Chus Arrojo Romero

Sábado 10 de abril de 2021

De 16:00 a 19:00 horas (Hora española)

A través da plataforma zoom

Acreditaranse 3 horas de formación

A integración da saúde mental na atención primaria: un achegamento sistémico aos seus desafíos



María Jesús Arrojo Romero (Galicia/USA), é Psicóloga, Terapeuta familiar e LMHC (Licensed Mental Health Counselor). Conta cunha ampla experiencia clínica con familias multiculturais e de supervisión en ámbitos comunitarios, así como de coordinación e supervisión de equipos terapéuticos en contextos de integración da saúde mental en centros médicos e educativos. É a encargada dos Programas de Integración de saúde mental nos servizos de atención primaria nas clínicas pediátricas do Oeste de Massachusetts afiliadas ao Boston Children's Hospital.

PRESENTACIÓN

A incorporación dun modelo bio-psico-social da saúde na atención primaria supón desafíos de orde organizacional e profesional que poden ser abordados desde o pensamento sistémico. A perspectiva sistémica pode ser tamén útil para a comprensión do papel que as dinámicas relacionais e os determinantes sociais xogan na conduta das persoas con respecto á saúde e a enfermidade. Por último, o achegamento aos sistemas involucrados na posibilidade de vivir unha vida saudable pode nutrirse de perspectivas que abordan as políticas ao redor da saúde e a enfermidade baixo unha mirada sistémica e comprometida coa xustiza social. Neste seminario presentaranse diferentes aspectos do desenvolvemento e implementación de programas de integración en atención primaria baixo estes parámetros descritos na introdución.

Esta presentación constará de tres partes didácticas teórico-experienciais, cada unha seguida dun debate reflexivo e como resultado os/as participantes poderán identificar:

- As vantaxes, desafíos e posibilidades de adoptar un modelo integrador de saúde na atención primaria na súa contorna.
- Intervencións sistémicas para abordar os devanditos desafíos a nivel organizacional e clínico.
- Recursos e ferramentas sistémicas para a promoción da saúde de maneira equitativa nas súas poboacións.

PREZOS

- Asociados/as da ATFM de Galicia/FEATF/SPTF: 10 € ⁽¹⁾
- Colexiados/as do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: 15 € ⁽²⁾
- Estudante universitario/a, máster y 3º Ciclo: 10 € ⁽³⁾
- Desempregados/as: 10 € ⁽⁴⁾
- Outros/as profesionais: 20 €

Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia

Número de conta banco Sabadell Gallego:

ES55 0081 0499 6700 0181 8088

Remitir esta ficha de inscrición **editable** xunto co xustificante de pago e a documentación requerida antes do prazo límite de recepción a info@atfmgalicia.com.

Teléfono: **615 207 595**

(1) Comprobarase na FEATF/SPTF.

(2) Xuntar carné colexiado/a.

(3) Xuntar certificación da **Secretaría da Facultade**.

(4) Xuntar xustificante actualizado da situación de desemprego.

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos persoais serán incluídos na base de datos da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia (ATFM) ante a cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición na Rúa de Amio 114, 15707 Santiago de Compostela.

Tipo de inscrición

Nome e apelidos

Enderezo

C.P.

Localidade

Teléfono

Email

Titulación Universitaria

Datos fiscais se solicita factura (Nome/empresa, NIF)